



Proxecto Fratelli Rescatando vidas



A foto que fala



O trasno Sobre as propiedades dos materiais

Daniel López Muñoz



Os verdadeiros “indepes” son Rajoy e colegas. Será por ese culto de estrita observancia ao palco do Real Madrid. Unha faria, un *tranquilo-Floren-que-se-van-a-cagar* e, veña, a ficar roucos –mesmo varelas– celebrando os goles merengues. Os da CUP tiñan que bicarlles as mans.

En realidade, os que berran *Piqué-cabrón-España-es-tu-nación* non son unha anomalía, senón a pura expresión do coeficiente intelectual dunha porción de electorado estepario, o

que fai posible que España estea gobernada desde o palco do Bernabéu. Son eles os que dan sabor, contido e “gracejo” á españolidade cañí, cos seus apupos militroncheiros, cos seus harmoniosos coros nas súas pezas favoritas, ...que son tres, por certo (e chegan ben): a poeticamente autoafirmativa “Yo soy español, español, español (tris)”; a solidaria de “A por ellos, oé” (tris tamén) e a evocativa “Entre flores fandanguillos y alegrías”. Dalgún xeito hai que desfogar a frustración de teren como himno unha marcha real muda, imposible de cantar os pobres gardas civís que saen para Fenicia a comer o marrón.

Sen esa reserva electoral de occidente, o goberno, mesmo sendo do expartido de Bárcenas, non se vería tan esixido a gobernar agarrando a Constitución a xeito de porra e arreando constitucionazos a tanta catalá irredenta e posiblemente culé.

Diríase que Rajoy, no medio da confusión, chegou a asumir que Cataluña non é España. Como se amase tanto a España que fixese todo o posible por

librala dos cataláns, e de paso do Barça, ignorando esa obviedade da física: é a flexibilidade do material a que asegura a súa perduranza; a rixidez e a dureza, pola contra, están condenadas á fragilidade.

Xa non é só que o non a un referendo con garantías provocase tal incremento no apoio á decisión unilateral. Nin que as porras constitucionais de Piolín fosen vento de cola no avión independentista. Vaites, máis leña ao lume, que resulta que en tres días inventan un decreto para facilitar que as empresas marchen de Cataluña ao “estranxeiro”. En que quedamos? Era España ou non era? Vargas Llosa esqueceu falar destas cousas.

Por certo, agora que non nos escoita ninguén, en confianza, nacionalistas desta benquerida patria da filloa: perfecto iso de darmos folgos a unha cidadanía que pacificamente quere que lle consulten se quere seguir sendo parte do alegre fandanguillo. Pero, mi madriña, pon medo ver o que nos quedaría sen Cataluña.

Editorial Galicia “dispoñible”

O ruído catalán fai que cousas graves que están a pasar en Galicia queden enxordecidas. O mesmo puido pasar co debate no Parlamento sobre política xeral. Foi noticia?

Unha desas cousas que os medioambientalistas galegos están a subliñar pola súa importancia é a lei que o goberno galego presenta no Parlamento de Galicia para a súa tramitación en outubro: *a Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais*.

Baixo este título “facilitador” e ben intencionado, hai un texto que reduce os controis medioambientais na minaría ou nos sectores forestal e eólico e que, segundo os denunci-

antes, fará “practicamente imposible a defensa do patrimonio natural galego”

Custa moito desvincular este texto legal da vitoria recente no caso da mina de Corcoesto

Custa moito desvincular este texto legal dunha vitoria recente na defensa do noso patrimonio natural: o da mina de ouro de Corcoesto. Aquel proxecto ía en serio e só a loita de colectivos locais e de militancia

medioambiental, singularmente nese caso da Sociedade Galega de Historia Natural, puido crear unha presión social suficiente para frealo. Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia, en decembro de 2012, asinara un informe de impacto medioambiental favorable á solicitude da multinacional Edgewater Exploration, no medio dunha crise económica que puxo o prezo do ouro polas nubes.

O caso de Corcoesto era escandaloso. Situar por riba do esteiro do Anllóns, nese tramo de beleza inigualable en Cabana de Bergantiños, unha mina de ouro que ía usar cianuro para separar o metal da rocha, resultaba inconcibible para calquera que aprecie o verdadeiro tesouro do lugar: a súa configuración natural. Pero era perfectamente “concibible” para mandatarios locais, que loitaron o duro para que o proxecto fose adiante.

Cómpre estarmos ben atentos e atentas á desregulación que agora se pretende. Porque a lei importa e cando se trata destas loitas, non son só a rúa ou internet as que deciden, especialmente se a lei “dulcifica” as condicións para a depredación do territorio e deixa de ser un instrumento na súa defensa.

Cómpre estar atentos. A lei débátese o 17 de outubro.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Son moi afortunado por ser colaborador nesta revista. De cando en vez, boto pestes pola boca cando non teño claro o tema que vou escribir, pero en xeral estou máis ca satisfeito de botar unha man neste proxecto que é esta revista.

Unha das satisfaccións que me produce de cando en vez é a de facer unha entrevista. Neste número vai unha que me permitiu coñecer algo que hai uns meses descoñecía. Trátase do Proxecto Fratelli. Son moitos os días nos que parece que pertencer á Igrexa dá moita preguiza. Ver, e sobre todo escoitar, a certa xente na Igrexa dan gañas de fuxir a escape e non volver endexamais.



Pero coñecer unha proposta como esta do Líbano, onde dous irmáns, xunto cunha pequena comunidade de laicos, son quen de abrir unha porta á esperanza é algo que ilusiona. Xente boa facendo cousas boas e loitando para derrubar muros mentais. Que os nenos son nenos e xogan entre eles. Que as nenas e os nenos son iguais e dá igual a súa relixión. Estou convencido de que un neno que pase polo proxecto non será quen de inmolarse co berro de “Alá é grande”. Nin unha nena pensará que o seu país está cheo de “mouros”.

Precisamos unhas comunidades que estean abertas aos demais. Que se acheguen ás periferias da nosa sociedade. Que globalicemos a solidariedade e que sexamos irmanciños, que é o que vén significando fratelli.

1



3



2



4



A peneira

1

O Parlamento obriga á Igrexa a eliminar os símbolos franquistas que aldraxan igrexas e cemiterios, incumprindo as leis da **MEMORIA** histórica e do patrimonio. Algunha parroquia reivindica a verdade erguendo este chanto, lembrando as vítimas do franquismo, como é o caso de Santa Mariña de Guitiriz.

2

Alexandre Bardasco aposta pola rendibilidade dos soutos dos Ancares demostrando que as castañas, marca **ANCAROLO**, en dous meses rendan como unha explotación de vacas nun ano. Este ano quere vender un millón de quilos ao fresco. Nos Ancares, moitos dos 8 millóns de quilos de castañas que se producen quedan abandonados.

3

A nosa **ACUICULTURA** mariña, que emprega 1 900 persoas, produce o 98% do rodaballo de todo o Estado; tamén é a que máis linguado e outras especies de igual calidade produce. As bateas incrementan a produción, un 12% no 2015, e o 96% da robaliza cultivase nas piscifactorías. Na foto, a planta do Acuidoro de Cervo.

4

No "Día da Muller **LABREGA**", o 15, esiximos xa de oficio a titularidade compartida da explotación que estea ao nome dun cónxuxe, informando e preguntándolle á interesada e axilizando este trámite os servizos xurídicos, pois desde a aprobación da lei (2012) só se deron de alta 17.

5



7



6



Alfonso Blanco Torrado

5

O plástico segue asfixiando millóns de peixes porque cada ano chegan ao **MAR** oito millóns de toneladas. Só no Mediterráneo, atopamos un plástico cada metro cadrado. Só 20 dos 50 millóns de envases que acompañan as vendas cada día son reciclados.

6


Máis da metade das nosas **FAMILIAS** loitan para chegar a fin de mes, segundo os datos oficiais. Hoxe 6 puntos máis ca no comezo do verán. Mentres, seguen os desafiuzamentos, coma a familia de Saiáns, en Vigo, na que o pai traballa, pero non cobra.

7

O 28 e 29 As Pontes celebra a XXVII Feira dos Fungos e **COGOMELOS**. Un dos máis comúns é a andoa (*Boletus*), na foto, sobre todo nas fragas e piñeirais das comarcas interiores. Estes eventos son unha mostra de riqueza cando se respecta o medio na súa colleita.

Política 2ª división

Pedro Pedrouzo Devesa



Necesito repensar o meu nacionalismo. Cada día. Necesito saber como se sitúa co resto de ideoloxías coas que convive, e co resto de persoas coas que convivo. Non sei se teño unha ideoloxía excluín-te ou inclusiva. Tampouco sei se quero dominar ou cooperar. Sei que, se parto de Galicia como nación, é porque a recoñezo como cultura histórica.

Xa hai moitos anos que nos preguntábamos, como nacionalistas, se eramos conservadores ou progresistas. A maxia das palabras outorgounos a posibilidade de **recrear**, construír a mestura perfecta do nacionalismo aberto, crear co material que se deu conservado ata a actualidade, non simplemente repetilo. Non conservamos, recreamos.

E a creación obrigounos á mestizaxe, pois calquera cultura se constrúe dialogando coas outras. A cultura é musical, pero tamén económica, é política e financeira, artística e científica, e poliédrica. Abrangue todo aquilo que toca o ser humano. Tece continuas redes e ligazóns, leveda en contacto coas outras culturas. Por iso teño que pensar que significa o dereito a decidir.

Que significa que Galicia teña dereito a decidir? Que poida votar se se independiza de España? É iso o dereito a decidir?

Se nas pasadas eleccións autonómicas catalás, uns poucos miles de votos cambiasen de destino, a maioría estaría no bloque de enfronte. A ningún nos gustaría que votasen a recentralización das competencias no goberno central con todos os argumentos baseados en agravios sufridos que perfectamente podería fabricar a á, se queremos chamala así, española do Parlamento catalán. Porque os agravios das dúas bandas podemos recoñecelos ou non, pero existen.

Só coñezo unha forma de razoar en democracia, inverter os roles. Que pasaría se o meu contrincante defende a súa postura da forma na que a estou defendendo eu? Porque, sinceramente, non vexo de que forma se pode defender aquela votación no Parlamento catalán. Debo ser nacionalista de segunda división, pero da mesma forma que me asombra, indigna e entristece vivir nun país que pasa olímpicamente do seu idioma, tampouco quero vivir nun país que

sistematicamente conta a súa historia en oposición ao Estado do que forma parte.

Recordo cando nos laiabamos de non ter unha forza nacionalista que obtivese para Galicia o que CIU e o PNV obtiñan para os seus territorios. Cataláns e vascos levan moitos anos sendo moi favorecidos pola súa capacidade de estabilización de gobernos populares e socialistas, algo que non aprendeu, ou non soubo aprender, o nacionalismo galego, demasiado orgulloso da súa ideoloxía para rebaixala negociando cos outros. O Goberno central leva moitos anos negociando con algúns máis que cos outros, e alégrome que lles fose moi ben. Foron anos nos que semella que mesmo se negociou o reparto da corrupción en España. Pero se desta vez non souberon ou non puideron negociar, non os capacita para tensar a corda ata que rompa.

Evidentemente, non son independentista, da mesma forma que penso que hai demasiado nacionalismo máis entusiasmado coa marcha urbana ca coa agre política da xestión diaria. Amamos a rúa, fuximos do despacho.



O peto común

Rubén Aramburu

Se lle falas a unha persoa nunha lingua que entende, a mensaxe chégalle á cabeza, pero se lle falas na súa propia lingua, a mensaxe chégalle ao corazón. Creo que a frase pertence a Nelson Mandela. Unha das primeiras cousas que fan os misioneiros é aprender a lingua do país ou comarca onde van traballar. Recordo con agrado a Pilar, unha relixiosa de noventa e tantos que falaba quechua logo de pasar moitos anos entre os indios de Bolivia.

Celebramos a campaña do DOMUND. Pois veredes que traio boas novas: o material da campaña do Domund carteis, folletos, revistas chegaba sempre desde Madrid e en castelán. Non acontecía o mesmo en Cataluña ou en Euskadi. Desde hai 2 anos, mudou a cousa.

David Álvarez é un mozo que é párroco de Sobrado dos Monxes e foi nomeado delegado de Misións na diocese de Santiago. É un tipo moi activo e comprometido que, con outra xente, anda a inzar garderías nos barrios máis miserentos de Lima, no Perú. Con David transformouse a delegación e colleu aires novos. Así, no libriño que se publica de cada campaña xa non aparecen ARTEIJO, MUJÍA, CEREIJO... como ata hai pouco. Xa está a toponimia toda en galego, pero tamén os carteis, folletos... Este ano conseguiu que O DOMUND presente a campaña desde Santiago.

No pazo de Fonseca inaugurouse unha exposición: **O Domund ao descuberto**, onde todos os paneis estaban en galego e onde se presentaba o labor dos misioneiros galegos.



O día 11, na Catedral de Santiago celebrouse o acto inaugural da campaña para todo o Estado. A cantante galega Luz Casal foi a encargada de pronunciar o pregón dicindo cousas ben bonitas. Coma se fose un canto con varias estrofas e un retrouso que dicía: "A beleza que provocan os pequenos xestos humanitarios rexenera o mundo, e o amor salva".

SÉ VALENTE, A MISIÓN AGARDA POR TI é o lema do DOMUND para este ano, e así, na lingua que chega ao corazón, verémolo nas igrexas de todas as dioceses galegas.

Parabéns a David e a todos os delegados de misiós e oxalá os sigan outras instancias.

O CARRABOXO por ROBE LOIS



Entrevista

Proxecto Fratelli, a práctica da fraternidade

Xan Guillén Vázquez



Imaxinade un país onde o 30% da súa poboación sexa refuxiada. Un país que recentemente saíu dunha dura e longa guerra civil e aínda así segue acollendo xente que vén das guerras veciñas. Ese país existe e é o Líbano. Respondendo a chamada do Papa Francisco para que as ordes relixiosas se trasladen ás periferias, o Instituto marista e o Instituto de La Salle fundaron o proxecto Fratelli, que se desenvolve no Líbano. Nel traballan o marista catalán Miquel Cubeles e o irmán de La Salle mexicano Andrés Porrás. Malia as dificultades pola distancia, Irimia conseguiu contactar con eles.

Que é o que fai que as vosas institucións escollesen o Líbano para este proxecto?

Os superiores xerais na carta de lanzamento do proxecto din que a finais do 2014 as dúas congregacións dialogaran sobre a mellor forma de responderen á situación crítica dos desprazados do mundo de hoxe. Nunha liña clara de ir a novas terras e máis aló das fronteiras. En novembro de 2014 o Papa Francisco instaba ás congregacións a traballaren unidas. Era unha oportunidade de crearmos novos espazos de colaboración onde desenvolvermos a lóxica evanxélica do agasallo da fraternidade, da acollida, da diversidade e do amor mutuo. E xurdiu a idea de crear *Fratelli*. Tras unha visita nas fronteiras do Líbano e Siria, diálogos *in situ*, inspirados polos nosos irmáns e colaboradores en Alepo, Beirut e Amán, escribíronnos para informarnos dun proxecto conxunto de misión educativa para esa rexión. Xusto nese ano comezou o gran éxodo de refuxiados Sirios cara a Europa, o que nos reafirmou na opción de achegarnos o máximo posible para

poderlles axudar no primeiro país de acollida. Estamos no Líbano desde setembro de 2015. Empezamos Andrés e Miquel e uniuse o irmán Isaac e Sara, unha laica mexicana. Estamos á espera doutros irmáns e laicos que se unirán proximamente ao noso proxecto.

Cal é a situación social e política do Líbano neste momento?

Líbano é un país pequeno pero densamente poboado. Máis de cin-

o Líbano está ao límite das súas posibilidades na capacidade de acollida de refuxiados

co millóns de habitantes dos cales un millón e medio son refuxiados. É unha sociedade pluriconfesional, con 17 comunidades agrupadas en dous polos principais: cristiáns e musulmáns. Hai unha boa convivencia e equilibrio de cohabitación. Hai estabilidade política pero é un país rodeado de países que supoñen unha ameaza. Nas zonas fronteirizas hai unha certa tensión pero en xeral a vida transcorre tranquila.

A situación máis delicada é que o Líbano está ao límite das súas posibilidades na capacidade de acollida de refuxiados. O país, en palabras do primeiro ministro, converteuse nun gran campo de refuxiados. Fixo e fai un grande esforzo para os acoller e procurar unha atención humanitaria, pero necesita da axuda internacional e de políticas que promovan o retorno con seguridade e garantías de milleiros de refuxiados ao seu país

ou que outros países poidan abrir as súas fronteiras para acolleren moitos máis refuxiados. Esta situación provocou tamén o empobrecemento da clase media libanesa xa que a man de obra abaratause en detrimento dos libaneses.

Que proxectos tedes e en que ámbitos traballades?

A nosa inspiración é estar presentes coa infancia e a mocidade máis ne-



cesitada. Son a razón de ser da nosa presenza. En Fratelli somos unha comunidade relixiosa e con aquel que nos congrega tratamos de ser irmáns e irmás para respondermos ás necesidades emerxentes dos menores máis vulnerables: os pobres e desprazados por mor da guerra. Para iso creamos a Asociación Fratelli, legalmente constituída no Líbano e a través dela, con profesionais e voluntarios, traballamos no ámbito socioeducativo. Programas de educación infantil, programas de base para nenos e nenas sen escolarizar, reforzo escolar, cursos de transición para a escolarización oficial e programas de formación profesional curta e de competencias sociais para mozas e adultos. Todo iso, desenvolvendo tamén un programa de axuda psicosocial, de prevención e acompañamento, e a axuda humanitaria que podemos. Temos dous centros socioeducativos: un en Rmeileh, preto da cidade de Saida (Sidón) para nenos refuxiados sirios e algúns libaneses, e outro en Bourj Hammoud, na periferia de Beirut onde principalmente asisten iraquís. Estes últimos son cristiáns que fuxiron da rexión de Mossoul, ameazados por Daesh.

Como viven os nenos e nenas a dureza da guerra?

Na nosa intervención socioeducativa tratamos de implicar os pais e nais. Cada familia ten a súa propia historia. Cales foron as causas do seu desprazamento? Hainas máis dramáticas e menos pero en calquera caso duras.

Abandonares a túa terra e a túa xente, ameazado de morte en moitas ocasións, é o que queda no interior das persoas que o poden contar. Hai un sentido de perda, de nostalxia, e en moitos, verdadeiros traumas. Tratamos de estar ao seu lado e facer que Fratelli sexa un punto de encontro, de

Acollemos as persoas, con nome, rostros e historias concretas


convivencia, de alegría e de paz. Hai familias que lograron ir a un terceiro país, outras esperan e outras non teñen ningunha esperanza. Son varios os anos que viven a mesma situación precaria sen arraigo no país de acollida, sen medios suficientes e sen horizontes de luz. Nos nenos que viven

situacións máis duras, de pobreza, vivenda insalubre e sen condicións nos guetos percibimos agresividade e desestruturación, pero tamén moita necesidade de agarimo e de acollida. Percibimos grandes cambios. Decía unha mamá: “Deus fíxo comigo dous milagres: o primeiro é poder escapar da crueldade de ISIS (Daesh) e a outra é Fratelli, que nos ofreceu unha luz de esperanza”

Existen receos por parte dos libaneses ou dos refuxiados respecto do voso labor?

Os libaneses demostraron dabondo que son un país de acollida. Imaxinades a comunidade de Madrid cun millón e medio de Sirios? O Líbano saíu dunha guerra civil nos anos 90 e

as tropas sirias non se retiraron ata finais de 2005. Acoller un pobo que te ocupou durante anos non debe ser fácil. E aínda así o Líbano acolle e axuda os sirios. Hai libaneses que desexan que o noso labor se dirixise máis directamente cara a eles e certamente tamén traballamos cos libane-



Entrevista

Proxecto Fratelli, a práctica da fraternidade

Xan Guillén Vázquez



ses que entendemos que o necesitan, pero os refuxiados son os sirios e os iraquís. Nos nosos programas intentamos acoller a todos os que o necesitan sen preguntar por nacionalidades ou credos que nos poñan en alerta. En todo caso son datos administrativos. Acollemos as persoas, con nome, rostros e historias concretas.

En Europa vese con receo a chegada de refuxiados. Que lles diríades a aquelas persoas que ven na chegada de estranxeiros un perigo?

Con receo? Non. Pecháronse fronteiras, construíronse muros e aplicáronse políticas de rexeitamento. Hai unha acollida testemuñal. España comprometeuse en 2015 a acoller máis de 17000 refuxiados sirios e por agora, a finais de 2017 non pasan de 1300. A este ritmo, dentro de 23 anos, cumpriremos o compromiso. Outros países acolleron un maior número pero noutros moitos a acollida converteuse en campos de supervivencia sen esperanza ningunha. Non nos poñemos na pel do que sofre. Só buscamos a nosa seguridade. Xa que as guerras e os fluxos de persoas van para longo, os estados deben establecer vías legais e seguras para que os refuxiados non poñan en risco as súas vidas, condicións adecuadas de aco-

llida e integración. Aínda permanece nos nosos ollos, dous anos despois, a imaxe do pequeno Aylan. Desde entón máis de 500 nenos morreron no Mediterráneo ou máis de 10 000 pícaros sirios desapareceron en Europa. E as nenas, as mulleres e os enfermos?

En Europa pecháronse fronteiras, construíronse muros e aplicáronse políticas de rexeitamento

Cal é a situación dos cristiáns no Líbano? Acolledes refuxiados que foxen por causas relixiosas?

En Oriente Medio, as comunidades cristiás están moi ameazadas. No Líbano, esta ameaza non se percibe directamente e as persecucións que se deron historicamente non conseguiron expulsalos. No Líbano conviven once comunidades cristiás e a relixiosidade e espiritualidade están moi presentes na vida das persoas e tamén na vida social. A igrexa Maronita acolle a metade dos cristiáns libaneses e séguenlle as comunidades greco-católicas e a ortodoxa. Despois están os cristiáns que foxen dos seus países e se refuxian no Líbano, iraquís que a partir de 2014 fuxiron da zona de Mossul ameaza-

dos de morte, e que saíron co posto con rumbo descoñecido. Moitos son da igrexa Caldea e en torno á Igrexa, animados pola fe, buscan unha luz de esperanza. Son “ilegais” que non puideron tramitar a súa estancia no Líbano. O Goberno libanés non considera refuxiados os iraquís e trátaos de modo diferente que aos sirios que foxen da guerra no seu país. Danlles un visado renovable de quince días, pero algúns deles son detidos por permanecerem ou traballar de modo ilegal no país. A ACNUR axuda e canaliza os visados para que poidan viaxar a outros países, pero pasan anos. Fratelli, no proxecto de Bourj Ham-moud, desenvolve un proxecto de escolarización para nenos cristiáns iraquís. Era un proxecto para nenos en idade preescolar e outro para axudar a nenos que non asistían á escola aquí no Líbano. Proporcionámoslles unha contorna segura e acolledora. Tamén un pro-

grama de formación para as mamás. Fratelli está aberto a todos, como o Líbano, que é multicultural e multirelixioso. Os pícaros sirios son principalmente musulmáns e os iraquís, cristiáns. No equipo educativo hai educadores e educadoras cristiás e musulmáns. Compartimos vida e valores e poñemos de relevo o que nos une. Unha nena musulmá daba as grazas a Fratelli e dicía ao final do campamento de agosto. “Eu, unha nena musulmá confirmo que a relixión cristiá é unha relixión de amor, de paz e de aceptación do outro. Grazas”. Non somos un centro de estudos interrelixiosos. Somos un centro de vida onde nos sentimos fillos dun mesmo Deus que nos ama e que nos chama a amarnos.

Ler para camiñar

Juan Antonio Pinto Antón

Svetlana Alexiévich, a catarse da esperanza

Esta novela non é unha novela. Éche un nome envelenado de radioactividade para sempre. *Voces de Chernóbil*: un crebacabezas de voces para tentar comprender que pasou na central nuclear, onde átomos e verdade foron tapados por un inmenso sarcófago de formigón e mentiras. Retrato moi crítico da URSS e a herdanza que deixou en cidadáns entregados á patria utópica, desesperanzada hoxe ante conversión de dirixentes en plutócratas do capitalismo máis desapiadado.

O compromiso de Svetlana Alexiévich, Nobel 2015, cos derrotados, aparece noutros libros como *La guerra no tiene rostro de mujer*. Ou a visión falsa da muller na retagarda: a vida sen homes, fillos, bágoas de despedidas e reencontros, mortes e perdas, a reconstrución penosa das mulleres que quedan atrás soportando os golpes. Non foi así. As mulleres combateron contra a besta do nazismo: oficiais e muleiras, francotiradoras e enfermeiras, radiotelegrafistas e tanquistas. Morrer e matar. Non hai épica nas violacións, a fame, as ratas, o tiro na nuca, o asasinato de nenos. En todo iso a escritora bielorrusa vai poñendo gotas de amor, compaixón, tenrura: non todo está perdido.

Duros de ler e dixerir, hai que espaciar os libros desta muller. Porque despois chegan *Los muchachos de zinc*, outro calidoscopio desgarrador

sobre a guerra de Afganistán. Máis de medio millón de homes e mulleres conducidos ao inferno pola xerontocracia de Moscova. Dez anos de mentiras e mortos. 'Vin desde o aire centos de ataúdes de zinc brillantes baixo o sol, algo bonito e terrorífico'. Ataúdes invisibles enterrados en secreto nos cemiterios. Derrota e humillación final contada polas voces de 70 superviventes e as nais. Resulta curioso que a vitoria dos muxahidín foi grazas á axuda de Occidente e países árabes ricos. Alumearon a ameaza actual que paraliza co medo o mundo enteiro.

O último libro é sobre os nenos na II Guerra Mundial. A gran patria soviética espida e aterradora na voces superviventes dos case trece millóns de nenos mortos entre 1941-1945. *Últimos testigos* mostra as voces, a dimensión humana daquelas nenas hoxe mulleres, nenos agora homes.

Seres pequenos diante dos grandes acontecementos da historia que só a morte, a dor e a traxedia fai grandes. Eles protagonizan os libros da escritora, desta xornalista pouco coñecida pero empeñada en que ninguén lles roube a voz, é dicir, a esperanza.

Os seus libros están protagonizados por seres pequenos diante dos grandes acontecementos da historia



O noso taboleiro



XXXII Foro ENCRUCILLADA
CORPOS ESCRAVIZADOS
Escravidudes no século XXI

Sábado, 21 de outubro
Auditorio ABANCA
Rúa preguntoiro
Santiago de Compostela
de 10:00 a 19:00 h.

Explotación sexual no estado español
por **Carmen Meneses Falcón** (U.P.Comillas)

Explotación laboral hoxe
por **Elena Arce Jiménez** (Of. Defensora do Pobo)

Mesa redonda na que falaremos de prostitución, emprego doméstico e Ventres de Alugueiro con
Lourdes Pazo, Mercedes Andrade e Olaia Rodil

Recital poético

www.encrucillada.gal



Ás furtadelas

Voces da Igrexa catalá, tras o 1-O Opinan un párroco, unha monxa, un cisterciense e un teólogo

Unha vez pasado o 1-O, Jesús Bastante en Relixión dixital, preguntou a varias figuras da Igrexa catalá sobre tres cuestións elementais: como valoran o acontecido?; e agora que?; e cal debería ser a postura da Igrexa? Recollemos aquí catro desas visións, que resultan un punto de contraste ben ilustrativo de como se vive todo este tema en Cataluña en relación a outras visións dominantes.

Peio Sánchez.

Párroco de la iglesia de Santa Anna (Barcelona)

Como valora o acontecido neste 1-O?

Tras o 1-O as relacións entre Cataluña e España están en deterioramento crecente. O referendo, con todas as súas limitacións e ilegalidade, indica que andan nos 2 millóns de electores, dos 5,5 millóns que hai en Cataluña, que queren a independencia xa, cifra que coincide coa suma de JxSi e a CUP nas últimas eleccións. Representan cerca do 50% dos votantes habituais restada a abstención, normalizada en torno a 1,5 millóns. A opinión de entre 2 e 3, 5 millóns de cataláns descoñécese, aínda que sabemos que uns 245.000 deles están polo dereito a decidir, xa que participaron con votos “non”, nulos e abstencións.

A actuación policial foi desproporcionada fronte á resistencia pacífica dos cidadáns. A violencia introduce unha novidade que apunta á irreversibilidade do proceso.

E agora... que?

O escenario é grave aínda que non trágico. Dous síntomas apuntan na dirección do agravamento: a indignación que pode dexenerar en brotes vio-

lentos e a incerteza que pode crebar a economía e a forma de vida.


A legalidade vixente, inamovible, demostrou ser un marco moi limitado para resolver o problema. Partidos e gobernos non foron quen de dialogar nunha perspectiva de ben común. Por agora non se avistan líderes con carisma, capacidade de cesión e perspectiva ampla.

Cal debe ser a postura da Igrexa?

A igrexa deu pasos importantes, aínda que tardíos, que resultan de gran valor. A Declaración da Comisión Permanente da CEE é un paso na mellor dirección de equilibrio e moderación. A nota da Conferencia Episcopal Tarraconense introduce unha novidade, a oferta para a mediación. Ambas posicións deixan liberdade de intervención á Santa Sé.

O papa Francisco sinalou na última Xornada Mundial da Paz, “Unha ética de fraternidade e de coexistencia pacífica entre as persoas e entre os pobos non pode basearse sobre a lóxica do medo, da violencia e da cerrazón, senón sobre a responsabilidade, o respecto e o diálogo sincero”. Esa podería ser a base de intervención da diplomacia vaticana. O marco da Unión Europea sería o lugar natural desta mediación.

As partes teñen que realizar cesións dolorosas fronte aos seus electorados e intereses pero a consulta pactada en Cataluña é un horizonte ineludible.



Sor Lucía Caram, dominica contemplativa, Manresa

Como valora o acontecido neste 1-O?

Unha xornada pacífica e democrática que se viu tristemente ensuciada por unha actuación desproporcionada dos corpos de seguridade, que se converteron en corpos de inseguridade. Co ocorrido, dinamitáronse pontes de diálogo e de entendemento e afondáronse feridas.

E agora... que?

Desexo que haxa unha mediación. Que se atope algún organismo ou persoa externa, que sexa capaz de axudar a conseguir un diálogo e un consenso para avanzar.

Nunca vin malos sentimentos cara a España, senón simplemente o desexo e o sentimento dun pobo, que non se sente identificado co Estado e que quere emitir a súa opinión.

Sería desexable unha consulta pactada. En democracia votar é normal, e faltou vontade política.

Cal debe ser a postura da Igrexa?

A Igrexa debe responder, se é que se pide oficialmente a súa mediación, e creo que houbo un interese real e efectivo de achegar posturas para promover o diálogo. Debe fomentar a paz, o entendemento e promover a liberdade de conciencia, acompañar, iluminar, ter unha voz profética e ser pacificadora.

O Papa Francisco é un gran mediador e o seu papel en non poucos conflitos mundiais foi iluminar, achegar posturas, promover o diálogo, axudar a superar diferenzas.

Octavi Vilà Mayo, Abat de Santa Maria de Poblet

Como valora o acontecido este 1-O?

Triste; a violencia aínda que sexa exercida en nome da autoridade, non adoita solucionar os problemas, senón que os agrava. A substitución da política pola imposición da autoridade pola forza, aínda que teña unha orixe lexítima, faille perder gran parte senón toda a súa credibilidade. Certamente non houbo referendo en condicións mínimas de validez, homologable, pero os cidadáns deron unha lección de pacífica participación en democracia.

E agora... que?

O futuro é preocupante e perigosamente incerto. Debería impoñerse dunha vez por todas o diálogo, atopar vías de solución ao encaixe de Cataluña cunha España que acepte a súa diversidade e a súa singularidade, en especial a lingua, vías aceptadas por ambas partes. O marco constitucional é



suficientemente amplo, se é necesario reformando o texto, para dar cunha solución de consenso e avanzar; é posible atopala se se desexa verdadeiramente atopala; algúns “pais da Constitución” apuntáronas. A situación en 1975 era bastante máis difícil e atopáronse camiños.

Unha declaración de independencia unilateral, moralmente lexítima, só sería posible cun respaldo electoral amplamente maioritario do electorado, que hoxe aínda está lonxe de darse. E desde España, non ofrecer solucións alternativas ante un problema que non se soluciona só con decisións xudiciais, enquisa a situación e produce máis cataláns a prol da independencia.

Cal debe ser a postura da Igrexa?

En primeiro lugar orar e traballar para que sobre todo se manteña o clima de paz social e se evite fracturar a sociedade catalá, pero tamén a española corre ese risco. En segundo lugar suscitar a vía do diálogo como único camiño, como fixeron a mesma Conferencia Episcopal Española e os bispos cataláns con grande acerto.



José Ignacio González Faus, teólogo

Como valora o acontecido este 1-O?

Simplemente desastroso. España e Cataluña estiveron guiadas por cegos. Rajoy sabe que necesita o apoio da extrema dereita franquista, sen a cal non terá votos para gobernar. E Puigdemont sabía que necesitaba vítimas e gañar a batalla da imaxe, para que o independentismo superase o 50% de votantes.

E agora... que?

Só vexo dúas posibilidades:

Unha é a declaración unilateral de independencia, que faría perder a Cataluña esa batalla da imaxe que gañou o domingo, “morrendo de éxito”. Con palabras de Artur Mas, “se non te reconece ninguén, as independencias son un desastre”. E Puigdemont nunca avisou a aqueles votantes bondadosos e riseiros, de perigos como quedar fóra da UE (porque Francia non quere problemas con Córsega, nin Italia coa Padania, nin Alemaña con Baviera. E porque para entrar na UE fai falta o voto de todos os seus membros). Ou con que moeda cando se está fóra de Europa ... Ou a posible marcha

empresarios porque Cataluña exporta a España máis do que ao resto do mundo...


A outra é facer por fin o que debería facerse hai anos: crear varias mesas de diálogo sereno, serio e público, para chegar a un referendo legal, no que, ademais, estean moi claras as consecuencias de cada opción, sen ofrecer falsos paraísos. E se non as crea o goberno, que nazan da sociedade civil. Diálogo entre xuristas para determinar que posibilidades hai para un referendo mesmo dentro da nosa Constitución. Diálogo entre economistas que determine as consecuencias de cada opción; diálogo entre políticos ...

Cal debe ser a postura da Igrexa?

É moi difícil. Diga o que diga recibirá ataques porque os sentimentos están en plan de: “totalmente comigo ou totalmente contra min”. Debe denunciar a actuación da policía, aínda que a culpa quizais non estivese nesas policías. Debe denunciar que nomes como Isabel Coixet, Marsé, Serrat, Jordi Évole, Boadella, X. Vidal-Folch, Angels Barceló, Durán i Lleida ou J. Coscubiella ..., sexan alcumados de malos cataláns, fascistas ou traidores, simplemente por pensar como pensan e dicir o que pensan. Debe denunciar a falta de imparcialidade nos medios de comunicación e evitala decontado nos seus propios medios.

E no sentido positivo, debería fomentar unha espiritualidade cristiá que cure os sentimentos feridos, cos cales é imposible o diálogo. Unha das miñas pregarías favoritas é: “purifica o meu corazón”. Creo que algo así debería rezarse durante un bo tempo. Como dixo Eduardo Mendoza, as feridas nos sentimentos son das máis difíciles de cicatrizar.

Debe ensinar ademais que nin a unidade nin a división de España (por máis que moitos as queiran con toda a súa alma), son verdades teolóxicas nin morais. O sentimento patrio é dos máis tentados de converterse en idolatría, logo da paixón polo diñeiro.



EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuiña, Alfonso Mascarriña, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscricions@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



Dádelle ao César o que é do César

Fáiseme difícil entender o mundo en dualidades.... Toda a realidade está interconectada. Levamos en nós a finitude e ao mesmo tempo somos semente de eternidade. Por iso creo que dentro de cada persoa habita un pouco de Deus e un pouco de César e temos que saber distinguir cando actuamos dende o Deus que se abaixa e se solidariza cos últimos e cando actuamos desde o César empoleirado no seu trono. Non podemos seccionar e desbotar ningunha das dúas partes. O único que podemos facer é saber recoñecelas con humildade e vivir con elas sen angustia. Non desde a resignación ou o fracaso senón desde a esperanza de quen ten claro por cal das dúas aposta, maila que algunhas veces teñamos que asumir as perdas que a finitude nos impón.

É urxente recoñecer ao César que nos habita para non alimentalo máis do estritamente necesario, para que non domine a nosa vida e as nosas relacións. Tamén sabelo recoñecer nas outras persoas, sobre todo para non secundar actitudes de César alleas, porque o mundo segue estando demasiado necesitado de Deus. Césares temos para dar e tomar! E sobre todo ter coidado de non autoenganarnos. É preciso e urxente o discernimento que nos axude a distinguir cando estamos alimentando a cada un deles.... Non vaia ser que crendo que alimentamos ao Deus da xustiza en realidade esteamos ensoberbecendo ao César.

Marisa de Corme

O ECO

Seica debería haber un mundo ideal onde a xente fala e fala e sempre chega a un acordo: un pouquiño para ti, un pouquiño para min. Tampouco precisan nin César nin rei nin xefe, tan só animadores ou coordinadores. Nese lugar habería liberdade de movemento: o que se quere ir, vaíse; o que quere quedar, queda e o que quere vir, benvido sexa. E liberdade de expresión (sen ofender, claro). E liberdade de vivir e deixar vivir aos demais. E preguntaredes onde estará ese sitio tan maravilloso. Pois está aquí mesmo, pero nos faltan as actitudes de diálogo e nos sobran as crenzas erróneas, como crer que a razón é propiedade exclusiva e non compartida ou que non podemos chegar a acordos, normalmente no medio do camiño entre os dous extremos. Isto é como xogar de xeito competitivo, no que a metade gaña e a metade perde, ou de xeito cooperativo, no que todos gañan. Se coñecesdes o xogo das cadeiras musicais de toda a vida probade a xogar eliminando cadeiras pero non xogadores e veredes como cambia a cousa.

Olga Álvarez

A CLAVE

DOMINGO 22 de outubro. XXIX do Tempo Ordinario

A PALABRA Mt 22, 15-21

Naquel tempo, os fariseos fóronse reunir para veren o xeito de pillar a Xesús nalgún dito. E mandáronlle algúns dos seus discípulos e dos partidarios de Herodes, que lle preguntaron: «Mestre, sabemos que es sincero: que ensinas o verdadeiro camiño de Deus e que non andas con miramentos, porque non te deixas levar polos respectos humanos. Dinos, logo, que che parece: está permitido pagarlle o tributo ao César ou non?» Xesús, catando a malicia, contestoulles: «Por que me queredes comprometer, hipócritas? Mostrádeme a moeda do tributo.» Eles presentáronlle un denario. E el preguntoulles: «De quen é esta imaxe e de quen fala esta inscrición?» Contestáronlle: «Do César.» Entón replicoulles: «Pois logo dádelle ao César o que é do César e a Deus o que é de Deus.»

A PALABRA

Falando da lingua *Praenomen, nomen, cognomen*

Lidia e Valentina



Moi boas (tardes, noites ou mañás, a cada un segundo lle acaia...). Hoxe imos falar de nomes e apelidos, idea que nos xurdiu despois de asistirmos ás II Xornadas de Onomástica Galega. A Onomástica ocúpase dos nomes tanto de persoa coma de lugares. A edición deste ano estivo centrada na antropoloxía, é dicir, nos nomes das persoas, no seu nome e os seus dous

apelidos, mentres que a do ano pasado versara sobre toponimia.

Os diferentes especialistas remarcaron a importancia de conservar os nomes galegos, de poñerlles aos nenos Xosé, Xoán, Xulia, Sabela, Mariña, Xaime, Lois, Brais, Paulo, Uxía... E se sodes grandes e xa vos chamades Javier, José ou mesmo Alberto, animádevos a galeguizar o voso nome! Non é complicado, sabede que o podedes facer ao abeiro da Lei 40/1999. Igualmente o podedes facer co voso apelido, se fose preciso. Como ben se di en *Os apelidos en galego. Orientacións*

para a súa normalización, publicado pola Real Academia Galega, non se trata de traducir formas castelás, senón de restituír as formas xenuínas que foran deturpadas nos rexistros escritos. Agora xa teñen este libro nos rexistros e todo se simplificou moito, xa non se precisan pedir informes particulares sobre cada apelido.

Só tendes que ter vontade e algo de coñecemento.

Ao mellor se vos apelidades Otero ou Martínez, ou Abad, ou Novoa, ou Romero, ou Valladares, non vos parastes a pensar que a forma orixinal do voso apelido quizais continúe viva na fala pero foi deturpada en épocas pasadas e por motivos coñecidos. Se cadra mesmo se mantén a forma orixinaria no alcume da casa, sendo a de Martí, Abade, Nóvoa, Romeu, Valadares... Nalgúns casos a deturpación é máis evidente, pasa se sodes Lijó, Lage, Meijide, Ameijeiras, Crujeiras ou Cereijos onde seguro que vos fixastes na mudanza que houbo do fonema autóctono que habería que volver ao seu natural e que pretenderon eliminar mudando a letra delatora da orixe galega. E aínda se poden comentar castelanismos que son evidentes na fala e corresponden con formas que existen en castelán: Iglesias, Fuentes, Puentes, Fuertes.... algúns non mudan na pronuncia pero si o fan na escrita: Rey, Rivas ou Asorey.

Só nos resta animarvos!

O Fachineiro de Gervasio

Para que serve unha foto?

O xornalista Gervasio Sánchez inaugurou a exposición *Vida* na Fundación de Santiago. Escolleu unhas fotos que amosan como a vida se sobrepón á guerra e á morte. Nunha visita comentada explicou ás persoas asistentes que se el trataba a xente con respecto a historia pode ser máis profunda. Este poeta da imaxe aínda se pregunta que fai que unha persoa do común se converta nun asasino. Cando todo se esborralla calquera de nós pode converterse nunha besta, porque é máis fácil atopar alguén para matar que parara morrer. Gervasio cre no xornalismo porque



moitos dos seus mellores amigos morreron exercéndoo, opina que todos fracasamos cando este se supedita a poderes económicos, que apoian o seu proxecto *Desaparecidos* cando son doutros países, pero non cando son os de España. Non lle gusta humanizar os carniceiros dunha guerra, por iso tira fotos da vida cotiá e volve aos sitios do conflito cando están en paz, buscando

os protagonistas. Esta implicación, ademais de aforrarlle o psicólogo, é o xermolo do seu próximo proxecto *Vidas minadas 25 anos*, que inaugurará no 2022. Alí estaremos!

A.Q.